


FALADOIRO

ANO XI
NÚMERO XVII



C.F.I.P. TORRE-CELA
BUEU

Castelano.

1950
2000



SUMARIO



★ Editorial "Castelao"

★ Noticias dos pequenos

*Debuxos
*Escritura

★ Os mais grandes

*O Magosto
*O Nadal
*Opinión:
-A pesca
-O polideportivo

★ Os profes


Traballo sobre os contos

★ "Un conto, dous contos, tres contos"

★ Poesías e refráns

★ Deporte

★ Lérias e enredos.






WONDERFUL



DOES

REALLY




EVERY

CASTELAO

Este ano celébrase ó 50 pasamento desta ilustre figura da nosa cultura, con tal motivo facemos unha breve reseña da súa intensa vida.

Alfonso Rodríguez Castelao naceu en Rianxo (A Coruña) e morreu en Bos Aires (Arxentina). De neno viviu en Arxentina e regresou a España no ano 1900 para realizar os seus estudos de medicina na universidade de Santiago de Compostela. Finalizou esta carreira pero nunca a exerceu, senon que foi funcionario do Instituto Xeográfico e Estadístico e profesor de debuxo nun instituto de Pontevedra. Militante nacionalista galego, Conselleiro do Partido Galegista, foi elixido deputado para as Cortes Constituintes de 1931 pola Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA). O goberno de Lerroux desterrouno fora de Galicia no ano 1934. Novamente foi elixido deputado nas Cortes do Fronte Popular no mes de febreiro do ano 1936.

Colaborou de maneira decisiva na elaboración do Estatuto de Galicia. O remata-la que tivo que exiliarse, e foi membro do goberno republicano no exilio, presidido en París por J Giral. Entre os libros de narracións curtas destacan, "Cousas (1926), "Os dous de sempre" (1934) e as evocacións de "Retrincos" (1934). Nas "Cruces de pedra en Bretaña" (1934) e "Cruces de pedra en Galicia" (1949) misturou os seus coñecementos históricos, antropolóxicos, arqueolóxicos e artísticos. En "Sempre en Galicia" explicou o seu ideario político e social sobre Galicia, "Os vellos non deben de namorarse" (1941) foi súa magnífica incursión no teatro. Castelao foi un bo pintor de temas e asuntos realistas, e un magnífico debuxante, caricaturista e humorista.





Vostede terá moito dereito; pero eu teño moita razón



NO NOSO M MAGOS TO
FIXEM UNHA PIVATA
TA
DO LOBO FERROZ

IA IN
 IVAN-3A




NOVOSO MAGATO
FIXEMOS UNHA PIVATA
DO LOBO FERROZ

ADOLFO
 4 ANOS



NOTICIAS DOS PEQUENOS



SETEMBRO

COMENZAN AS CLASES, XA PODEMOS XOGAR COS AMIGOS



IRENE



OUTUBRO

ESTAMOS NO OUTONO, CAEN

AS FOLLAS DAS ARBORES, KIMBERLY



NOVEMBRO

CELEBRAMOS O SAN MARTINO
TEMOS UNHA PIÑATA DO LOBO
E AGAMOS CASTAÑAS
TINO




NOTICIAS DOS PEQUENOS



DECEMBRO

FIXEMOS UN NACEMENTO MOI
BONITO! SOBRE OS CONTOS
CHEGOU PAPA' NOEL O COLEXIO
ANGEL




JANEIRO

VINE RON OS REIS MAGOS E
DEIXARON OS XOGUETES
NA CLASE



SARA

MELCHOR GASPAR BALTASAR



O MAGOSTO

O día 10 de Outubro fixemos o magosto no colexio.

Días antes leváramo-la leña e as castañas para asar.

Asaron as castañas os profesores, e conxersee e algúns alumnos de sexto.

Mentras eles asaban as castañas os demais xogaban a pelota, a levar a castaña coa culler e o máis importante tira-la piñata.

Despois collemos as castañas e comémo-las.


Estaban alí algunhas nais e viñeron os rapaces de preescolar do Cabo Darriba.

O final xogamos a coller, a pita, etc... e cando tocou o timbre marchamos.




Fátima Carballa
6º Curso

PLANTALION



Selara
Bárbara
Jorge

PLANTAMOS UNHA CASTAÑA E UNHA NOZ,
BOTÁMOSLE TERRA E AUGA E
VOLTAMOS PARA A CLASE.



O MAGOSTO


O día 10 de Novembro fixemos no colexio unha festa: A festa do Magosto.

Ese día todos os nenos truxemos castañas e leña e fixemos unha fogueira e asamo-las castañas.



Os que asaban eran os mais grandes do colexio e mentras, nos xogamos a corda e rompemos a pinata que tiña forma de Rinocho.

O final comimos as castañas e nos pintamos-la cara con berralla.


senifer Gonzalez couso 3º



MOEMI BESADA PORTELA



O QUE MAIS ME GUSTOU DO NADAL FOI:
 Os regalos e cando se comen as uvas.
 Neste debuxo fixen o día dos Reis.
 Dibuxei a miña familia e a min cos regalos.





ACORDOS DE PESCA

Morrococ é un reino situado no noroeste de África co que os españois temos unha longa historia de conflitos bélicos, económicos e políticos, por razóns de vecindade, xa que só nos separa o estreito de Xibraltar.

O conflito actual da pesca débese, en parte, á ampliación dos dereitos sobre os augas limítrofes dos países costeiros ata as duascentas millas para a explotación económica das mesmas, que algúns países desenvolvidos puxeron en práctica, e ós que se foron sumando todos os demais, entre eles Marrococ.

España ó longo deste século desenrolou unha gran flota pesqueira, que buscou caladoiros por todo o mundo. A costa de África, pola súa cercanía da Península e das illas Canarias era un dos caladoiros máis explotados.

Por motivos da citada ampliación do dominio sobre as augas costeiras, deixounos sen a posibilidade de pescar, se non é mediante acordos e convenios coas autoridades do reino de Marrococ.


Os primeiros acordos foron convenios de nación a nación, e permitíron traballar ós nosos mariñeiros.


Coa creación da Comunidade Económica Europea estas negociacións son levadas polas autoridades da Comunidade, ocasión que aproveitan os dirixentes morroquís para introducir compensacións que nada teñen que ver coa pesca, como poden ser as exportacións de froitos, hortalizas, conservas, etc., a través do territorio comunitario con ventaxos fiscais tan grandes como os da propia Comunidade.

Nestes días estamos vivindo un deses períodos de negociación, e as cousos, o parecer, non van demasiado ben, porque os nosos mariñeiros non están a traballar. Eles mciniféstanse nas rúas causando problemas coas forzas da orde e trastocando a convivencia dos veciños.

Na habilidade dos negociadores europeos está o volver a firmar un bo acordo e devolver á normalidade o nosa flota, de xeito que os nasos mariñeiros poidan pescar, respectando as paradas biolóxicas impostas, para así mellorar e conserva-la riqueza do mor.

Manuel Garrido Antón (5° A)





O PAVILLON

Pois o fin, despois de moitos anos que levamos esperando polo pavillón escomenzaron as obras.

Os alumnos de quinto esperamos aínda que sexa un pouco.

Case tódolos días antes de entrar a clase vamos aver como vai aquilo.

O primeiro día había moitas máquinas e camións, despois pouco a pouco fixeron unha explanada.

Esperamos que terminen pronto para poder practicar outros deportes coma o baloncesto, balonman, etc.

No espacio que temos no colexio e moi pequeno e só se pode xogar a fútbol.

Tamén temos canastas pero case non se usan e están no campo máis pequeno.

Temos moitas ganas de velo todo feito.

Iris Alma García



O POLIDEPORTIVO

O día 8 de setembro decidimos empezar a facer un polideportivo no colexio Torre-Cela.

As escavadoras tiraron as viñas que alí había. Fixéronno nun sitio grande e bonito o lado do noso colexio. Utilizaron camións, grúas, escavadoras, etc... Xa fixeron a pista que e o mais importante. Tamén fixeron o sitio onde se van a facer as gradas.

A pista e de cor vermella e aínda non está marcada nin ten porterías. Tampouco ten tellado nin está cuberto.


Vámonos a divertir moito nel. Faremos equipos e xogaremos ligas, viranos a entrenar dous formidables entrenadores chamados Jose e Fran que agora entrenannos no polideportivo de Bueu.

As ligas serán de fútbol sala e de balonman que son os deportes que mais nos gustan.

Tamen faremos uns vestiarios e unha ducha para que cando xuguemos partidos poidamos cambiarnos a roupa suada e poñernos unha limpa.

Supoñemos que para o mes de agosto ou de setembro xa estará totalmente rematado.

Eloy Garrido Teno



"UN CONTO, DOUS CONTOS, TRES CONTOS "

Este ano estamos desenrolando no colexio un proxecto en torno os contos que leva por título "Un conto, dous contos, tres contos".

Partimos de que os contos son grandes auxiliares para a educación. Neste senso consideramos que sensibilizar respecto a beleza, preparar para a vida, facilitar a estruturación temporal, educar a sensibilidade, satisfacer as ansias de acción e de saber, facilitan o educador ou educadora o coñecemento do neno ou da nena, establecendo unha simpatía entre estes e o narrador, educar a xenerosidade, desenrolar a fantasía, axudar ó neno ou á nena a ser disciplinados e a estar atentos e ademais danos oportunidades para organizar actividades relacionadas cos centros de interese que ofrecen.

Tendo en conta isto, co noso proxecto pretendemos aproveitar todos os recursos que os contos nos brindan, para que os nosos alumnos/as adquiran as aprendizaxes dun xeito atractivo, participativo e imaxinativo.

OS MESTRES/AS


C.E.I.P TORRE-CELA
BUEU



"ALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS"



Un día xdeado de primavera, Alicia e a súa irmá maior, decidi-
ron ir o campo preto da súa
casa.




De súpeto, Alicia viu unha
voz distinta a da súa irmá.
O lecos viu un coello, e perse-
guiuno.




O lecos, Alicia viu como o
coello entrou nunha casa moi
chamativa; sentiu curiosidade e
decidiu entrar.



Unha vez dentro Alicia, viu unha diminuta porta e un frasco cunha pó-cima de cor verde.




Alicia, beberu un trago dese
frasco e volvese diminuta para
poder pasar por aquela porta tan pe-
quena.



Pero habíalles olvidado a chave
escriba da mero; viu unha voz que lle
dica que comera unha galletina para po-
der ser de novo grande e colle-la chave.




UN CONTO



¡HUM!
¡Que boa es-
ta, esta
galle-
tina!

Policia comeu a galletina e volveu a ser grande para poder colle-la chave.




¡Que
leen
sca
teño
a cha-
ve!

Mentres collía a chave, Policia pensaba como la facer para pasar pola diminuta porta.




¡Que
pena, non
podo pa-
sar!

Os días tarde, o doze cortá de que non podía pasar pola diminuta porta, comenzo a chorar.




Esta
vez,
boina
tomar
toda.

Recordou a pócima, que estaba invida da mesi e tomouna toda.



De súpeto volveuse pequena e pudo atravesala diminuta porta, que la a



Come
unha de-
zas setas.

Polí atopou unha xarquesuga, que lle dixo que comera unha deber-




Olívia obedeceu a sanguessuga. Colheu a seta, pero non a comeu, gardouna e proseguiu o seu camiño.



Durante o camiño, Olívia decidiu descansar a sombra dunha árbore, e estaren descansando viu unha risada, que procedía da árbore.




Obxetause e levantouse, mirou cara a copa da árbore e viu un rinte gato.




O gato apareceu e desapareceu o seu antoxo. Despois de falar co gato, seguiu o seu consello e foi




O Inegar atopouse co Sombre-reiro Tolo e a Lebre de Marzo. Estes personaxes desorientaron os seus amellos irólos, que Olívia decidiu o-




Olívia proseguiu o seu camiño, sen estar segura cara onde ía, despois de camiñar durante algún tempo, pódelle ver alao o lecos.



Alicia viu un fermoso castelo, foi a visitalo.




Unha vez no castelo, Alicia viu uns homes cunha forma de cartas de naipes que pintaban unhas rosas de vermello.




Eu son a rainha altera.


Logo, chegou a rainha dicindo que lle cobraran a caluga a esos traidores. A rainha o ber a Alicia preguntoulle quen era.



Alicia díxolle quen era. A rainha levou a Alicia o interior do palacio, para xuegala.




Despois a rainha mandou que lle cobraran a caluga, sen ter motivo. Alicia asustouse e colleu a seta.



Comenza e volvéuse moi grande, tan grande que a rainha o seu caron parecía unha formiga.



De súpeto, alicia viu a voz da sua irmã maior, que lle decía ¡Alicia! ¡Alicia! ¡Espera!




Alicia despertou e levantouse. Díxolle a sua irmã, que tivera un extraño sono e que tiña moi-




Geppeto decidiu mandar a Pinocho a escola. Geppeto com muito carinho foi vende-lo seu abrigo para comprar-lhe o livro a Pinocho.

Então Geppeto mandou-o a escola.



De caminho a escola viu um teatrinho. Então o ver as marionetas bailar coreçou a bailar con elas.



" OS TRES PORQUINHOS "

Os tres porquinhos vivan nunha granxa.

Molestábanlles os animais.

Reuníronse e marcharon.




Os tres porquinhos encontraron un val moi fermoso e decidiron construír ali as súas casas.


O porquino maior fixo a súa casa de pedras do río.

O porquino mediano fixo a súa casa de madeira.


O porquino pequeno de pan de palla.







Um dia um lobo parou por ali e
 soprou a casa do porquinho pequeno e tirou-a,
 logo soprou a casa do porquinho mediano e
 tirou-a. Depois soprou a casa do porquinho
 maior e soprou e soprou, pero nao foi capaz de
 tirala.



O lobo, farto de pensar, rebuiu a stellada e
 tirou a gola chimenea. Os porquinhos excitaram-se
 e prepararam unha laia con auga fervente.
 O lobo caeu nela e morreu.



JOSE
 MARTIN
 22



Scilla

REFRÁNS

Na hucha aberta, o xesto peca

Dinheiro emprestado, amigo acabado

A preguiza morreu de sede ó pé da fonte.

O traballo é sagrado non o toques

Yolanda 1º

Álvaro, Yoel, Irene

REFRÁNS

Na hucha aberta, o xusto peca.
 Diñeiro emprestado, amigo acabado.
 A preguiza morreu de sede ó pé da fonte.
 O traballo é sagrado non o toques.

Yolanda 1º

Álvaro, Yoel Irene

A DIVIÑA

Unha cousa pola que nunca chove e sempre está mollada.

PISTAS: Todos temos unha e gústalle as larpeiradas.

AIDA 1º

ADIVIÑA

Unha cousa pola que nunca chove e sempre está mollada.
 PISTAS: Todos temos unha e gústalle as larpeiradas.

AIDA 1º

Solución: A lingua



ADIVIÑAS




Adivina:
 Perna fina
 como gubina
 gobierna a casa
 como rainha

Eugenia Martínez

DAHIAN RODRIGUEZ

5º CURSO



¡Adivina!

DEPORTE EN IDADE ESCOLAR

Relación de alumnos participantes no **Cross** escolar

Categoría **Minibenxamín**

Tamara Acuña Pazó
Noemí Portela Besada
Iván Martínez Estévez
Xosé Guerra Vilas

Categoría **Benxamín**

Gonzalo Villanueva Carballo
Fidel Sánchez Martínez
Cristian Moares Entenza
Davinia Padín García

Categoría **Alevín**

Iván Vilas Mariño
Lourdes Carballo Durán
Carlos Carballo Durán
Nerea Acuña Pazó
Patricia Vidal Juncal
Romina Portela Fernández
Marta García Freire
Sheila Buceta Cobas
Abraham Piñeiro Molanes
F. Javier Lobeira Villar
Damián Rodríguez Freire
Rodrigo Pérez Souto

- Todos eles participaron nos cross de San Martiño, pedestrismo de Cangas, zonal de Moaña e zonal de Bueu. En todas estas probas conseguíronse moi bos postos, clasificándose para a final da Zona Sur, a celebrar na Xunqueira de Pontevedra o día 22 de xaneiro, os equipos alevíns masculino e feminino.

Velaquí algúns dos rapaces que acadaron mellores postos nas diferentes competicións:

Tamara Acuña Pazó: 3ª en San Martiño
3ª en Cangas
2ª en Moaña
2ª en Bueu

Noemí Portela Besada incorporouse nas derradeiras probas, e foi
3ª en Moaña
3ª en Bueu

Iván Martínez Estévez, Xosé Guerra Vilas e Lourenzo Durán Vidal, na categoría minibenxamín.

Na categoría alevín, ademáis de se clasificar en Moaña para a final da Zona Sur (masculino e feminino), entraron con medalla:

Nerea Acuña Pazó 9ª
Romina Portela Fernández 10ª en Moaña.

Romina Portela Fernández 6ª
Nerea Acuña Pazó 8ª en Bueu.

O equipo feminino de alevíns resultou ser o segundo mellor clasificado da zona do Morrazo.

Puri Pazó (A.P.A.)

FÚTBOL

Curso 1999 - 2000

COMPETICIÓN INTERNAS

Clasificacións provisionais (6 21 de xaneiro)

EFFECTO 2000	10 puntos
COLA CAO	9 puntos *
LACASITOS	9 puntos
PUCHEIROS	7 puntos
PIRATAS	6 puntos
QUEBRANTAHUESOS	6 puntos
PITÓN	4 puntos
TIBURONES	1 punto
ROMPECABEZAS	0 puntos

Máximos goleadores

Pablo Núñez (Lacassitos)	11 goles
Eliseo (Efecto 2000)	8 goles
David Otero (Piratas)	7 goles
Eloy Garrido (Puccheiros)	7 goles
Miguel Vieiro (Puccheiros)	7 goles
F. Javier (Cola Cao)	5 goles

* (un partido menos)

PARTIDOS XOGADOS E RESULTADOS

Piratas 0	Efecto 2000 5	Piratas 9	Quebrantahuesos 0
Quebrantahuesos 0	Lacassitos 4	Efecto 2000 3	Lacassitos 1
Tiburones 0	Cola Cao 3	Tiburones 0	Puccheiros 4
Puccheiros 4	Pitón 4	Cola Cao 6	Pitón 1
Rompecabezas 2	Piratas 5	Rompecabezas 0	Quebrantahuesos 1
Efecto 2000 2	Quebrantahuesos 1	Lacassitos 3	Piratas 0
Lacassitos 8	Tiburones 0	Tiburones 1	Efecto 2000 1
Cola Cao 4	Puccheiros 1	Puccheiros 5	Rompecabezas 1
Pitón 2	Rompecabezas 1	Pitón 0	Quebrantahuesos 4



PARTIDOS QUE QUEDAN POR XOGAR

Piratas	Cola Cao	Quebrantahuesos	Puccheiros
Lacassitos	Puccheiros	Efecto 2000	Cola Cao
Rompecabezas	Tiburones	Piratas	Pitón
Efecto 2000	Pitón	Tiburones	Quebrantahuesos
Quebrantahuesos	Cola Cao	Lacassitos	Cola Cao
Tiburones	Piratas	Puccheiros	Piratas
Puccheiros	Efecto 2000	Rompecabezas	Efecto 2000
Lacassitos	Rompecabezas	Pitón	Lacassitos
Pitón	Tiburones	Cola Cao	Rompecabezas

Rematados estes partidos, a finais de abril, fásase unha liguilla cos catro mellores para decidí-lo campión.

MOITO MAIS QUE FÚTBOL



O fútbol está de moda, non hai dúbida. A televisión, a radio, os xornais están a falar continuamente del, tódolos días, a todas horas. Actualmente xa non é un deporte, senón un negocio que move nunha soa operación miles de millóns de pesetas.

E aquí é onde se perde o verdadeiro espírito do deporte do fútbol. É unha mágoa que os ases deste deporte, lonxe de dar bo exemplo á xuventude, se entreteñan ofrecéndonos malos xestos, pelexas e violencia, nos estadios e fóra deles.

A nivel deportivo, o fútbol ofrécenos un amplo abano de situacións técnicas e tácticas que fan del un fermoso espectáculo.

Practicar fútbol supón:

- Mellorar a condición física xeral (resistencia).
- Traballar a coordinación xeral.
- A percepción espacio-temporal, visual.
- Establecen entre os membros dos equipos relacións sans (fair play= xogo limpo) de colaboración (compañeiros) e oposición (adversarios).



DECÁLOGO DO BO "FUTBOLEIRO"

- Xoga limpo por riba de todo.
- No deporte non hai inimigos, soio rivais.
- O fútbol non é violencia, senón habilidade.
- Se o fútbol fose violento, o balón non sería redondo.
- Se ti podes equivocarte, o árbitro tamén é un ser humano.
- Dende as gradas todo semella máis doado.
- Os insultos nunca aumentan o marcador.
- Contrario no chan, balón fóra.
- Malos modos, mal partido.
- Sempre haberá alguén que te gañe. Non aceptalo é de necios.

Estes dez preceptos condénsanse nun:

"Un golazo é un golazo,
o marque quen o marque"


A importancia dun bo quecemento

Cando vaiamos realizar algún tipo de actividade física medianamente intensa é importantísimo quentar adecuadamente, primeiro a nivel xeral (todo o corpo) e despois de maneira máis específica aquelas articulacións e músculos que máis van traballar. Por exemplo, en baloncesto, ademáis do quecemento xeral, deberemos quentar tamén cábados, bonecas, mans e dedos das mans dun xeito máis específico.




O quecemento non é algo que se faga porque sí, senón que vai repercutir na menor cantidade e gravidade das lesións.

Os estiramientos forman a parte final dun bo quecemento, pois van preparar as fibras musculares para a realización de movementos o máis amplos posible. Tamen estiraremos despois do exercicio para relaxar o músculo.

Outro feito a ter en conta cando fagamos exercicio é a importancia da respiración, que debemos ir acompasando ó esforzo, coidando de respirar polo nariz, diminuíndo así a probabilidade dos molestos pinchazos que aparecen ó pouco tempo de empezar a movernos.



Victor



¡¡ ALGO QUE SEN PALABRAS DI MOITO !!